

Resolución reitoral pola que se convocan bolsas para a realización de actividades de carácter formativo para estudantado de grao e mestrado universitario no curso académico 2023/2024

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a Universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

Para o efectivo exercicio dese dereito a Universidade de Vigo considera necesario establecer un programa que subvencione total ou parcialmente o custo ocasionado ao estudantado por razón da súa participación en actividades de interese educativo que favorezan a formación integral do estudantado.

Vista a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, as disposicións aplicables da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei orgánica 2/2023 de 22 de marzo do sistema universitario e o artigo 72 do Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, polo que se aprobaron os estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, bolsas para a realización de actividades de carácter formativo, que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE CARÁCTER FORMATIVO PARA O ESTUDANTADO DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DE VIGO, CURSO 2023/2024**1. OBXECTO**

O obxectivo desta convocatoria é fomentar a participación do estudantado en proxectos e eventos de carácter cultural, científico, de especialización ou perfeccionamiento que complementen a súa formación académica.

Establécense 3 modalidades en función da súa finalidade:

- **Modalidade A:** Axudas para a realización de viaxes e visitas colectivas de interese académico que lles sirvan para adquirir competencias e coñecementos relacionados co ámbito curricular da súa titulación.
- **Modalidade B:** Axudas para a participación e/ou presentación de comunicacións en congresos, reunións científicas, seminarios, debates e outras actividades de interese académico tanto na modalidade presencial como en liña. Inclúe así mesmo a realización de cursos organizados por entidades públicas relacionados co ámbito curricular da súa titulación tanto na modalidade presencial como en liña.
- **Modalidade C:** Axudas para a realización colectiva de proxectos e actividades culturais, científicas ou de difusión de interese para a comunidade universitaria.

Quedan excluídas da presente convocatoria as prácticas externas curriculares e extracurriculares, as actividades relacionadas coa participación en programas de mobilidade tanto nacional como internacional, os cursos de idiomas e os cursos de formación permanente da Universidade de Vigo.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado/a no curso 2023/2024 en titulacións oficiais de grao ou mestrado universitario en centros propios, ou en centros adscritos de titularidade pública que imparten titulacións oficiais non impartidas en centros propios (Enfermaría Ourense, Enfermaría Pontevedra e Enfermaría Meixoeiro).
- b) Estar matriculado no curso 2023/2024 dun mínimo de 45 créditos ou do máximo que lle permita a normativa da Universidade de Vigo.
- c) Presentar unha proposta de actividade realizada ou a realizar entre o 1 de setembro de 2023 e o 31 de outubro de 2024, das descritas no punto 1 desta convocatoria. En todo caso a actividade deberá iniciarse antes do 1 de setembro do 2024.
- d) Contar co informe favorable do/a decano/a ou director/a do centro no que a persoa solicitante realice os estudos.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**CSV : GEN-73ad-5afb-0bda-7cbe-59d1-55c1-be00-a9fd**DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>**FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 01/07/2024 10:42 | NOTAS : F**

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas establecidas nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade. A través desta convocatoria so se poderá subvencionar unha actividade a cada persoa beneficiaria.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

- Os fondos destinados a esta bolsa irán con cargo á aplicación orzamentaria 2024 0000 121D 482.10 e o importe máximo do crédito orzamentario retido para esta convocatoria ascende a 18.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
- No caso de que haxa varias persoas solicitantes que participen nunha mesma actividade, o importe adjudicado en conxunto pola esa actividade, non poderá exceder o importe de 9.000€.
- A contía individual máxima será a seguinte, dependendo da duración e do destino:

MOBILIDADE	< 7 días con pernocta	≥ 7 días
Península ibérica e Baleares (50 km ou mais)	300 €	400 €
Canarias, Ceuta e Melilla, Azores e Madeira	400 €	600 €
Resto de Europa	600 €	900 €
Resto do mundo	1.200 €	1.500 €
	< 7 días	≥ 7 días
Resto desprazamentos (menos de 50 km.)	20 €/día, máximo 100€	200 €

No caso da modalidade C as persoas solicitantes deberán presentar a documentación xustificativa dos custos ocasionados cunha contía máxima individual de 200 euros.


Esta contía está suxeita á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

- No caso de non esgotar o orzamento poderase conceder, en función da puntuación, unha contía adicional para o pago de inscrición na actividade da modalidade B, sempre que se xustifique con factura a nome do/a beneficiario/a.
- O pagamento da bolsa efectuarase unha vez presentada a documentación sinalada no punto 8 desta convocatoria mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A solicitude realizarase a través do formulario en liña dispoñible na secretaría virtual da Universidade <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/bolsas/convocatorias/index> / Bolsa actividades de carácter formativo.

CSV : GEN-73ad-5afb-0bda-7cbe-59d1-55c1-be00-a9fd
 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 01/07/2024 10:42 | NOTAS : F



O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, solicitaráselle que a presente de xeito electrónico.

O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e remata o **29 de xullo de 2024** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

No formulario en liña achegarase a seguinte documentación:

- Descrición da proposta de actividade para a que solicita a bolsa segundo o modelo do anexo II: detalle da actividade a realizar, lugar de destino, institución ou entidade de destino, duración da actividade, contido e obxectivo formativo da actividade, que deberá contar co informe favorable do/a decano/a ou director/a do centro no que a persoa solicitante realice os estudos.

Tamén se lle poderá requirir outros documentos que fosen necesarios para a concesión da axuda.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a **listaxe provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **dez días hábiles** contados desde o día seguinte á de publicación para emendar os erros e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual dirixido a Sección de Axudas e Bolsas. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

A selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:

1. Modalidades A e B:
 - a. Descrición e planificación da actividade (memoria de xestión, equipo, desenvolvemento, avaliación...): **ata 3 puntos**
 - b. Adecuación da actividade desenvolvida aos estudos: **ata 3 puntos**
 - c. Nota expediente académico: **ata 4 puntos**
 - i. Para estudantado de continuación de estudos de grao e de mestrado universitario de mais de 60 créditos nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003.
 - ii. Para o estudantado de inicio de estudos de grado ou mestrado universitario nota de acceso, agás cambio de estudos do mesmo nivel ou adaptación ao novo plan de estudos, neste caso terase en conta a nota media do seu expediente (RD 1125/2003).
2. Modalidade C:
 - a. Descrición e planificación da actividade (memoria de xestión, equipo, desenvolvemento, avaliación...): **ata 3 puntos**
 - b. Interese da actividade para a comunidade universitaria: **ata 3 puntos**



CSV : GEN-73ad-5afb-0bda-7cbe-59d1-55c1-be00-a9fd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 01/07/2024 10:42 | NOTAS : F

- c. Nota expediente académico: **ata 4 puntos**
- i. Para estudantado de continuación de estudos de grao e de mestrado universitario de mais de 60 créditos nota media do expediente académico segundo se recolle no RD 1125/2003.
 - ii. Para o estudantado de inicio de estudos de grao ou mestrado universitario nota de acceso, agás cambio de estudos do mesmo nivel ou adaptación ao novo plan de estudos, neste caso terase en conta a nota media do seu expediente (RD 1125/2003).

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade
Vogais:

- Ignacio Rodríguez Iglesias, representante do Consello Social
- Óscar Rubiños López, catedrático de universidade da ETS Enxeñeiros de Telecomunicación
- Miguel Nombela Castaño, profesor titular de universidade da Facultade de Ciencias do Mar
- Agustín Suárez Martínez, estudante do grao en Enxeñaría Informática
- Manuel Diz Folgar, estudante do grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación
- Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Se por calquera causa, no momento en que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algún/ha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez que a comisión efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de **dez días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o **formulario de alegacións** na secretaría virtual.

Unha vez que a comisión revise as alegacións, esta enviaralle a proposta á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de tres meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, as persoas con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existir renuncias.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a



CSV : GEN-73ad-5afb-0bda-7cbe-59d1-55c1-be00-a9fd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 01/07/2024 10:42 | NOTAS : F

contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, e producirán os efectos da notificación de conformidade co artigo 45 da *Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais necesarias realizaranse a través do enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante escrito presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (sede.uvigo.gal) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.

8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá presentar unha vez finalizada a actividade:

1. Memoria final da actividade na que se recollan as actividades realizadas, os obxectivos acadados e as competencias adquiridas.
2. Certificado de asistencia á actividade ou, de ser o caso, informe do/a decano/a-director/a da Universidade de Vigo que acredite a participación na actividade subvencionada.

As persoas beneficiarias deben cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013 de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexa de aplicación.

9. REINTEGRO DAS AXUDAS E PERDA DO DEREITO DE COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e de perda do dereito de cobro destas bolsas:

1. Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
2. Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
3. Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade de Vigo a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA



CSV : GEN-73ad-5afb-0bda-7cbe-59d1-55c1-be00-a9fd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portalfirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 01/07/2024 10:42 | NOTAS : F

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en:

[https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



CSV : GEN-73ad-5afb-0bda-7cbe-59d1-55c1-be00-a9fd

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 01/07/2024 10:42 | NOTAS : F

ANEXO II

DESCRIPCIÓN DA PROPOSTA DE ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA A BOLSA

(Deberá estar informada favorablemente polo/a decano/a ou director/a do centro)

Apelidos e nome:

.....

DNI:

Detalle da actividade a realizar:

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

Lugar de destino:

.....

Institución ou entidade de destino/congreso ou curso:

.....
.....
.....

Data de inicio:

Data de finalización:

.....

Duración da actividade (en días):

.....

Gastos previstos (desglosar):

.....
.....
.....
.....
.....

Contido e obxectivos formativos da actividade:

.....
.....
.....
.....

Código seguro de Verificación : GEN-73ad-5afb-0bda-7cbe-59d1-55c1-be00-a9fd | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>



CSV : GEN-73ad-5afb-0bda-7cbe-59d1-55c1-be00-a9fd
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 01/07/2024 10:42 | NOTAS : F

.....

Breve explicación por **parte do decano/a ou director/a do centro** do interese da actividade para os estudos da persoa solicitante (modalidade A e B)/ interese para a comunidade universitaria (modalidade C)

.....

Infórmase favorablemente a realización desta actividade por cumprir os obxectivos e contidos académicos: SI NO

Sinatura electrónica(O/A **decano/a ou director/a**)

En Vigo, na data de sinatura electrónica
 (Sinatura electrónica da persoa **BOLSEIRA**)

Código seguro de Verificación : GEN-73ad-5afb-0bda-7cbe-59d1-55c1-be00-a9fd | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

CSV : GEN-73ad-5afb-0bda-7cbe-59d1-55c1-be00-a9fd
 DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>
FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 01/07/2024 10:42 | NOTAS : F

